

Os apuntes inéditos redactados por Salvador Etcheverría Brañas para a continuación das súas memorias políticas

ISABEL GOMEZ RIVAS*

A finalidade destas páxinas é presenta-los apuntes -inéditos ata o de agora- que o político ferrolán (aínda que tamén se consideraba, por familia e sentimento, betanceiro) Salvador Etcheverría Brañas redactou pensando na publicación das súas memorias¹. Estas notas foron concebidas como a continuación do texto que do Castro ten editado baixo o título *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española. 1936-19..*² e no que Etcheverría facía un repaso dos acontecementos que lle tocou vivir durante os anos da guerra civil: a súa inical detención en A Coruña por parte dos sublevados; a fuxida cara a América en xaneiro do ano seguinte, e as súas actividades propagandísticas e diplomáticas en diversos países dese continente ata o fin do conflito bélico.

Aínda que o relato da súa peripecia termina en 1939 ou, para ser máis exactos, cunha panorámica da situación que atravesaba Europa en 1940, sacudida xa pola II Guerra Mundial, o subtítulo do libro de memorias de Etcheverría non ofrece unha data de remate. Así, os puntos suspensivos e a interrogante resultan premonitorios, un indicio de que o texto permanecía inconcluso.

Os apuntes que, extractados, vanse presentar aquí por vez primeira retoman a narración no punto no que foi deixada, en concreto, arrancan en 1941 e prolónganse ata 1944. Etcheverría fala neses folios, fundamentalmente, da súa participación nas actividades desenroladas pola Alianza Nacional Galega, aquela organización, con sé en México, que pretendía converterse nunha plataforma unitaria de tódolos exiliados republicanos galegos, con independencia do partido político ó que pertencesen.

Polo tanto, o documento que se recupera reviste un dobre valor. Por unha banda, constitúe un material de grande utilidade para a reconstrucción da historia do exilio galego en México durante os primeiros anos da década dos corenta e, por outra, ven a completar *Eclipse en España e*, xa que logo, contribúe ó mellor coñecemento da traxectoria biográfica de Salvador Etcheverría, unha figura esquecida na historia do galeguismo e, en xeral, do republicanismo español. Por esta razón e antes de abordar-la análise do contido da nova entrega das súas memorias, cómpre esbozar unha breve descripción do perfil deste político ferrolán.



Salvador Etcheverría no
1951.

*Isabel Gómez Rivas é Licenciada en Periodismo pola Fac. de Ciencias, da Información da Univ. Complutense de Madrid e becaria do Ministerio de Educación e Ciencia para persoal investigador. Realiza a súa tese no departamento de Historia da Comunicación Social da dita facultade.

¹ Este documento pertence ó Fondo París do Arquivo da II República española no exilio (1945-1977), que foi aberto ós investigadores hai só dous anos. A Fundación Universitaria Española (FUE) é a depositaria deste arquivo.

² ETCHEVERRÍA BRAÑAS, Salvador, *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española. 1936-19..*?, do Castro, Sada-A Coruña, 1989.

BREVE SEMBLANZA BIOGRÁFICA DE SALVADOR ETCHEVERRÍA³

Salvador Etcheverría Brañas naceu en O Ferrol o 22 de maio de 1894. Os primeiros estudos cursounos en colexios relixiosos, en concreto, no centro que os xesuítas tiñan en A Garda e no dos escolapios en Monforte de Lemos. En 1917, obtén a licenciatura de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. A partir dese momento, adicase ós negocios herdados dos seus pais. En 1917, casa coa aristócrata Carmen Vázquez de Hermida, da casa Ducal de Aquitania.

En 1924 é requerido pola xeneral Primo de Rivera para ocupar un cargo político en A Coruña. Parece ser que a negativa de Etcheverría a pregarse ós desexos do dictador causoulle algún que outro problema. En calquera caso, o certo é que esa data marca o inicio da súa actividade política e a súa adscripción ás forzas de oposición á monarquía de Alfonso XIII.

Etcheverría foi un dos fundadores, en 1930, da Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA). Pouco tempo despois, incorporouse ó Partido Radical Socialista, do que chegou a se-lo presidente do seu comité provincial en A Coruña e membro do comité nacional. Cando se produciu a escisión desta formación política, optou por seguir a Diego Martínez Barrio e adherirse á Unión Republicana.

En 1932 foi nomeado gobernador civil de León, cargo que ocupou ata o ano seguinte en que, tras eleccións de novembro, constituíuse o goberno radical-cedista presidido por Alejandro Lerroux. A partir dese momento e ata o inicio da guerra civil, Salvador Etcheverría seguiu a traballar no seo da Unión Republicana. En xullo de 1936, foi detido polos sublevados en A Coruña. Permaneceu na cadea ata xaneiro do ano seguinte, cando conseguiu fuxir cara a Lisboa, onde embarcou no buque Iberia rumbo a Cuba.

Xa en América, desempeñou distintos cargos diplomáticos e, en tódolos seus destinos, desenrolou unha intensa actividade propagandística a prol da República, segundo relata el mesmo en *Eclipse en España*. Así, en 1937, foi nomeado secretario da embaixada española en A Habana; e en xullo dese mesmo ano, recibiu o encargo de porse ó frente do consulado de Veracruz (México). Entre 1938 e 1939, foi o encargado de negocios en Santo Domingo e Haití. Ó remate da guerra civil, Etcheverría trasladouse a México, onde participou na fundación da Alianza Nacional Galega. En 1946 incorpórase de novo á diplomacia como encargado de negocios en Guatemala, ata que dous anos despois é destinado a México, para asumir a representación da República no exilio.

Permaneceu na capital azteca ata o ano 1955, en que se trasladou a París para ocupa-la carteira de Información, Propaganda e Arquivos no goberno republicano no exilio, así como a secretaria do consello de ministros. Fora reclamado para asumir estes cargos polo entón presidente do gabinete, Félix Gordón Ordás. Ámbolos dous políticos estaban unidos por unha vella amizade e polas labours políticas compartidas no seo do partido en que militaron, a Unión Republicana⁴. Sen embargo, non foi esta a razón pola que Gordón Ordás -cando acometeu, a finais de 1955, a remodelación do goberno que presidía- chamou a Etcheverría para que formase parte del. Así o recoñecía o propio Gordón Ordás nunha carta escrita pouco despois da morte do seu compañeiro:

³ Os datos para a redacción desta síntese biográfica foron tomados do libro de memorias do propio Etcheverría xa citado e de varios *curriculum vitae* que se atopan no Fondo París do Arquivo da II República española no exilio (1945-1977). En concreto, nos legaxos 640-3, 642-2 e 642-3. (En diante citarase ARE.P, seguido do número da carpeta na que se garda a documentación).

⁴ Nas memorias de ámbolos dous políticos atópanse referencias cruzadas ás relacións que mantiveron. Por exemplo, Gordón Ordás recorda que, durante a enfermidade que sufriu a finais de 1952 e principios de 1953, "me someti fielmente y durante cerca de un año a las prescripciones médicas, que seguí con todo rigor, sin recibir más visitas en todo aquel tiempo que dos veces por semana la de nuestro Encargado de Negocios don Salvador Etcheverría, amigo inolvidable, a quien daba las instrucciones precisas para continuar despachando los asuntos de gobierno que requirieran mi atención personal". (GORDÓN ORDÁS, Félix, *Mi política en España*, Imprenta Figaro, México D.F., 1963, vol. 3, p. 653). Pola súa parte, Etcheverría louvou o traballo de Gordón Ordás en México con estas palabras: "Sería injusto silenciar la enorme capacidad de acción, de cordialidad, de buen hacer, del último embajador

Habíamos trabajado él y yo juntos, en perfecta compenetración política y personal, desde mucho antes del advenimiento de la República. Yo sabía mejor que nadie la gran cantidad de valores humanos que albergaba y conocía a fondo su acertada visión política y su enorme capacidad de trabajo. Por todo ello, y no obedeciendo a un impulso meramente amistoso, quise traerle a mi lado en un Ministerio tan duro y difícil como es el de Información, Propaganda, después de haber realizado en México una acertadísima labor al frente de aquella Embajada, que redundó en beneficio de toda la emigración.⁵

En 1957, sendo aínda ministro do goberno republicano no exilio, Etcheverría sufriu un cólico diabético que obrigou ó seu internamento nun centro sanitario da capital francesa. Cando parecía recuperarse, tivo unha complicación cardíaca e morreu inesperadamente. Era o 23 de setembro. As cartas remesadas por Félix Gordón Ordás, en resposta das recibidas transmitindo o pésame polo seu pasamento, son moito máis que textos meramente institucionais e denotan a amizade e admiración que sentía polo político ferrolán. Nunha delas anunciaba, asemade, que tiña a intención de encargarse el mesmo do traballo que viña facendo ata entón Etcheverría:

Fue un suceso tristísimo e inesperado, que a todos nos ha dejado sumidos en el dolor. Yo he perdido con su desaparición un amigo insustituible y un colaborador eficaz.

Provisionalmente me encargaré yo de la cartera de Información y Propaganda que él desempeñaba y puede, por lo tanto, escribirme a mí para los asuntos de ese Ministerio en lo sucesivo o bien hacerlo a nombre de don Javier Alvajar, que era el Secretario en el Ministerio regentado por Etcheverría y que en él continuará llevando el trabajo.⁶

Entre as cartas de pésame pola morte de Etcheverría que foron dirixidas a Avenue Foch-35, de París, sé do goberno republicano no exilio, encóntranse as de destacados membros de diversas loxas masónicas. Tal é o caso das notas remesadas dende México por José Giral e Juan Simeón Vidarte, maestro e secretario da loxa "Democracia", respectivamente; e a de Juan Grediaga, gran mestre do

de la República en esta Nación, Sr. Dn. Félix Gordón Ordás, verdadero y único artífice de esta firme alianza que legó a los infelices un oasis en el que pudieron descansar. Poco se habló de esta gran gestión, sin duda la más interesante en esta hora trágica. Los republicanos españoles están en deuda permanente con este formidable batallador. Andando el tiempo, cuando la amargura y la desesperación taladren de manera implacable el corazón de los desterrados habrá que reconocer la grandeza de la obra de este titán de la República que no regateó jamás su esfuerzo para servir a los demás. (2) Observo con inmenso dolor la torpe y sucia maniobra de que está siendo objeto este admirable patriota al que empujan al olvido aquellos que más le debieron. (2) Yo quiero dejar patente aquí, mi profundo reconocimiento a este hombre excepcional, que teniendo una espina clavada en el corazón pudo lograr con su gran hacer, y con su magnífica honestidad, el único rincón en el mundo que nos dio franca, leal y generosa hospitalidad". (ETCHEVERRÍA BRANAS, Salvador, op. cit., pp. 163-164). Ademais, Etcheverría non esquence o relato doutros episodios nos que Gordón Ordás, aquel "amigo con quien -nas súas propias palabras- hube de compartir tantas y tan rudas batallas en el mismo campo político desde que empezé la construcción de la República", serviulle de dirección nas súas xestións diplomáticas. (Ibidem, pp. 36, 51, 81 e 112).

⁵ ARE.P 300-1. Carta de Gordón Ordás a Eustaquio Cañas, datada o 29 de novembro de 1957.

⁶ ARE.P 300-1. Carta de Gordón Ordás a Eustaquio Cañas, datada o 8 de outubro de 1957. Javier Alvajar, a quen se alude nesta carta, era fillo de César Alvajar, delegado do Consello de Galiza en París. Sucedeu nese cargo ó seu pai cando este morreu en 1965.

Por outra parte, na correspondencia cruzada por Gordón Ordás e Victoria Kent nos meses posteriores á morte de Etcheverría, o presidente do goberno republicano, ademais de lamentarse pola perda do amigo e colaborador que era Etcheverría, falaba das razóns polas que non ía nomear un sustituto. Así, nunha carta de 9 de outubro de 1957 dicía: "Como dice usted muy bien, no será fácil reemplazarle y por ello de momento asumiré yo las funciones del Ministerio que él desempeñaba con tanto acierto y eficacia. Más adelante, cuando al fin quede despejada la incógnita de la constitución del partido republicano único, habrá llegado el momento de la substitución". O 13 de novembro dese ano volvía a escribir a Victoria Kent a Nova York, nestos termos: "Cada vez hecho más de menos a Salvador Etcheverría que era para mí un gran colaborador. Las funciones de su Ministerio he de desempeñarlas por fuerza más nominal que efectivamente. Estoy tan agobiado de trabajo que ya difícilmente podré añadir algo más a lo que tengo. Pero por ahora no conviene políticamente abrir esta vacante". (ARE. P 299-7).

Grande Oriente⁷. Asimesmo, dispersa entre os papeis pertencentes ó arquivo de Etcheverría, atópase documentación que pon de manifesto a súa vinculación con grupos masónicos, dende cartas nas que se lle convocaba a tenidas a algúns exemplares de publicacións editadas no exilio por esta sociedade secreta. En efecto, Etcheverría ingresara na francmasonería en 1926, en concreto, na loxa "Pensamiento y Acción núm. 11", de A Coruña. No seu exilio mexicano, adscribiuse á loxa "Lázaro Cárdenas" e a "Manuel Azaña núm. 1", ámbalas dúas pertencentes ó Grande Oriente Español no Exilio. Incluso chegou a fundar, tamén en México, a loxa "Celta".

DESCRIPCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS FORMAIS DOS APUNTES REDACTADOS POR ETCHEVERRÍA COMO CONTINUACIÓN DAS SÚAS MEMORIAS

Os apuntes autobiográficos redactados por Salvador Etcheverría e que están depositados no Fondo París do Arquivo da República española no exilio⁸ constan de setenta e tres folios mecanografiados e figuran numerados, correlativamente, dende a páxina 209 a 281. Xunto a este escrito, aparece unha folla solta marcada co número 193-bis. O seu contido corresponde exactamente a un dos fragmentos que se transcriben en *Eclipse en España*⁹. Ademais, se o libro publicado por Edicións do Castro está dividido en nove epígrafes, o inédito non parece ser un texto independente, pois comenza no capítulo undécimo. Polo tanto, non resulta aventurado afirmar que o escrito que se presenta aquí foi concebido como a continuación das memorias xa publicadas.

Etcheverría continúa a insertar na narración -como facía en *Eclipse en España*- o texto integro de diversos documentos políticos, artigos de prensa e discursos. Tanto é así que estes materiais compoñen a maior parte do escrito que é obxecto desta reseña. O carácter fragmentario dos textos e a súa estricte significación política e propagandística permiten aplicar ó documento as palabras redactadas, polo propio Etcheverría, para a introducción das memorias xa publicadas: "Ninguna pretensión literaria; la tarea aquí realizada tiene muy poco valor. Estéticamente es una osadía; prácticamente, es sólo un montón de recuerdos de un pedazo de mi vida, a la que el destino marcó abigarradas facetas"¹⁰. En efecto, esta descripción do estilo resulta pleamente válida para o novo orixinal.

Se nas memorias xa coñecidas Etcheverría interrompia o relato das actividades políticas para abrir parénteses, nos que falar do seu estado de ánimo nos primeiros momentos do desterro, das relacións persoais que traba nesa nova andaina, e incluso para recrearse na descripción das novas paisaxes que atopa en América e que despertan a súa admiración, este tipo de comentario e incisos desaparecen por completo nas notas que redactou sobre a súa vida a partir de 1941. Nada distrae a Etcheverría do relato das actividades políticas que desenrolou en México entre 1941 e 1944, do que non se despega en ningún momento. Así, o documento está composto por unha concatenación de diversos textos, separados por breves acotacións que teñen a única intención de presentar e dar unha certa coherencia a eses materiais dispersos e guía-la súa lectura. Esta falta de apartes de carácter subxectivo podería ser índice de que o escrito non era máis que un primeiro borrador da continuación das súas memorias, unha primeira recopilación de datos sobre aquel momento da súa vida e, como tal, Etcheverría tería previsto seguir a traballar sobre este escrito para engadirlle logo outras apreciacións de tipo máis persoal. Así expricariase ese cambio no discurso e no seu estilo, pero, pola contra, quedaría pendente xustificar por que o texto aparece claramente estruturado en capítulos e a numeración do orixinal semella ser, segundo se ten apuntado xa, a continuación das memorias coñecidas.

En efecto, os folios depositados na Fundación Universitaria Española están divididos en tres epígrafes. Dado que *Eclipse en España* remata no capítulo noveno e o texto inédito comenza no

⁷ ARE.P 300-1

⁸ ARE. P 642-2.

⁹ En concreto os párrafos comprendidos entre "Andando el tiempo, cuando la amargura y la desesperación²" e "Zel único rincón en el mundo que nos dio franca, leal y generosa hospitalidad". ETCHEVERRÍA BAÑAS, Salvador, op.cit., p. 164.

¹⁰ Ibidem, p. 12.

undécimo, quedarían pendentes de localización -se é que foron redactadas- as páxinas correspondentes ó capítulo décimo. Cabe supoñer que ese fragmento constituiría, no conxunto das memorias, un mero episodio de transición entre dúas etapas da vida de Etcheverría, separadas polo punto de inflexión que representa a fin da guerra civil. O seu autor ofrecía novos datos sobre a súa chegada e sobre os seus primeiros contactos con outros exiliados galegos, cos que logo emprenderá a fundación da Alianza Nazonal Galega.

Pois ben, a división en capítulos é a seguinte : o undécimo leva o título "1941-1942. Esfuerzos para la unificación" e ocupa os folios comprendidos entres os numerados como 209 e 242; o capítulo duodécimo vai encabezado por "1944. Empujando la carreta" (páxinas 243-257), e o décimoterceiro titúlase "1944. Capeando el temporal" (páxinas 258-281). Deteñámonos, agora, no contido desta nova parte das memorias de Etcheverría.

FUNDACIÓN DA ALIANZA NAZONAL GALEGA

"He decidido consumir la larga espera -escribía Salvador Etcheverría nas últimas páxinas de *Eclipse en España*- del día afortunado en el interesante país de los Aztecas. (2) El clima político de la Nueva España, es indudablemente, el más propicio del mundo para una emigración de nuestra estirpe"¹¹. Tal e como adiantaba daquela, cando Etcheverría retoma a narración dos seus anos de exilio ou, como el mesmo os chama, do "via crucis de los más amargos desengaños", atópase instalado en México, país ó que chegou despois dunha breve estadía en Nova York. Nesta cidade americana, tomou contacto con outros republicanos españois -como Luis Soto- que, posteriormente, converteríanse en compañeiros de diversas empresas políticas na capital azteca¹².

Precisamente, os apuntes que Etcheverría redactou para a continuación das súas memorias comencan aludindo á xestación dun deses proxectos políticos: a Alianza Nazonal Galega.

Mientras un mundo corrompido por la ambición se desploma en otros continentes, los olvidados de todos que no perdimos la dignidad, ni la arrogancia, nos aprestamos a resolver nuestro problema convencidos de que éste, solo nos concierne a nosotros. Nos decidimos a actuar con los pobres medios que poseemos, pero con el ardor inflamado por el limpio ideal. Iniciamos los primeros trabajos de unidad constructiva, un grupo de republicanos gallegos que llevamos abierta la carne por la herida que nos dejó la espantosa vida de la retaguardia de Franco.

En este año de 1941, damos los primeros pasos para juntar, en una Alianza, a los coterráneos que nos anima el mismo fervor patriótico. Estamos entendiendo hace mucho tiempo, que el principal enemigo de nuestra causa es la dispersión de las fuerzas y la aguda polémica que enrarece el clima político, y provoca la anemia espiritual que lo derrumba todo.

El núcleo de gallegos que iniciamos el trabajo de unidad en el destierro, estamos decididos a dar la batalla contra el caos, a sabiendas de que nuestra lucha va a traernos muchos sinsabores y profundos disgustos mientras no sea posible frenar el egoísmo de los viejos dirigentes, la incomprensión de los que aun viven honradamente equivocados, o despierten los que viven en el letargo de la indiferencia.

Pero estamos firmemente dispuestos a iniciar la labor reconstructiva sin que nos inquieten los obstáculos que vamos a encontrar en el camino. La tarea que emprendemos unos cuantos ciudadanos, ajenos a toda preocupación partidista, se va concretando desde una base democrática, por el ascenso de todos los grupos políticos y sindicales que en metódicas y elevadas reuniones acordamos dar forma a la primera organización unitaria en el exilio.

La gestación, pese a los buenos deseos de muchos de nosotros, fue lenta y laboriosa, pero pudimos dar cima al proyecto en el mes de Agosto de 1942, concretando el pensamiento y la acción en una entidad política estructurada por la acordancia de todos los Partidos.

La buena voluntad de todos y el hondo sentido patriótico que presidió la juntanza, hicieron posible la aprobación de unas sencillas bases que pusieron los cimientos a nuestra ALIANZA NACIONAL GALEGA.

¹¹ ETCHEVERRÍA BRAÑAS, Salvador, op. cit., p. 163.

¹² Ibidem, p. 161.

En los primeros días de Septiembre de 1942, quedó constituido el Comité Ejecutivo de la ALIANZA NAZONAL GALEGA, en México, del que, por la nunca bastante agradecida confianza que en mi depositaron aquellos compañeros de trabajo, fui elegido Presidente por aclamación.¹³

Etcheverría retoma unha idea que xa esbozara brevemente na parte final de *Eclipse en España* e que, nestes novos apuntes, convértese no verdadeiro prantexamento articulador de todo o seu discurso : a necesidade de esquecer, no exilio, as divisións partidistas e axunta-las forzas para traballar todos xuntos de cara a acadar un obxectivo compartido e prioritario, o restablecemento da democracia en España. A ese espírito de unidade respondía a Alianza Nazonal Galega que, no texto anteriormente citado, é calificada como a “primera organización unitaria en el exilio”. En efecto, a Alianza pretendía ser, como dician os seus promotores nun manifesto feito público en outubro de 1942, “una bandera de unidad que cobije a todos los gallegos bajo el denominador común del interés de España, el amor a Galicia y la adhesión inquebrantable a los principios eternos y universales que las democracias están defendiendo en su lucha contra el nazi-fascismo”¹⁴.

Na xuntanza que a Alianza Nazonal Galega celebrou o 16 de setembro de 1942 e na que Etcheverría foi designado presidente, este pronunciou un discurso no que censuraba a actuación pasada dos políticos republicanos que, mergullados en loitas partidistas, remataron por poñer en perigo ó réxime proclamado o 14 de abril de 1931:

Brevísimas palabras, compañeros en el ideal y en el dolor :

(...) Vamos a continuar la tarea interrumpida hace algún tiempo, y, para iniciar los trabajos, debemos ir a la obra actuando en la lucha política que nos proponemos, de un modo absolutamente impersonal. Por mi parte quiero decir que, trataré de cumplir la honorable misión que me encomendáis, libre de toda ambición personal, como lo hice hasta la fecha.

Yo sé muy bien, que un estadista no es un santo, que los mártires abundan poco en política ; como sé también que toda obra gubernativa si no es al mismo tiempo una obra de filosofía humana, resulta una burla sangrienta y un muñeco sin alma y sin sentido. Pero, al aceptar la responsabilidad a que nos comprometemos, se hace menester saturarnos del poder de atención, para que sirvamos a la causa con el máximo honor y con la mayor eficacia.

Desventuradamente hemos podido comprobar, que algunos de nuestros Partidos republicanos agotados y exhaustos, estaban compuestos principalmente, de pequeños burgueses de las ciudades adocenados en un sedentarismo crónico, que preferían el calor del rincón de su alcoba a batirse en la barricada. Un Estado Mayor de incongruencia descomunal lo constituían viejos doctrinarios y algunos mozos

¹³ Orixinal dos apuntes para as memorias de Salvador Etcheverría (ARE-P 642-2), pp. 209-210. En diante cítase : Memorias de Etcheverría, seguido da páxina da que foi extraída a cita no orixinal.

Etcheverría asumiu, pois, a presidencia da Alianza Nazonal Galega, mentras que o resto dos cargos directivos quedaron distribuídos deste xeito : Celestino López y López, do Grupo Republicano Galego, vicepresidente, o socialista Edmundo Lorenzo Santiago, secretario xeneral, Francisco Caridad Mateo, da Comisión Galega do Partido Comunista, vicesecretario, o comunista Luis Soto Fernández, secretario de Relacións ; Eugenio Soto Campos, da Irmandade Galeguista de México, vicesecretario de Relacións ; José Caridad Mateo, secretario de Propaganda ; Andrés Novo, da agrupación galega do PSOE, vicesecretario de Propaganda ; Ramón Troncoso Fernández, da Unión General de Trabajadores, secretario de Solidaridade e Finanzas ; Marcial Fernández Vázquez, tamén do grupo galego da UGT, secretario de Organización ; e, por último, Celso Vila Rodríguez e Alfredo Vilar, ámbolos dous procedentes da Federación de Juventudes Socialistas Unificadas de Galicia, ocuparon a secretaría e a vicesecretaría de Xuventudes, respectivamente. (Memorias de Etcheverría, p. 214). A distinta filiación política dos seus membros resulta ben significativa da plataforma unitaria en que se converteu a Alianza Nazonal Galega. Luis Soto (*Castelao, a UPG e outras memorias*, Xerais, Vigo, 1983, p. 150) fai un listado doutras personaxes que tamén interviron na Alianza Nazonal Galega. Nesa enumeración figuran, ademais dos xa citados » Adolfo Vázquez Humasqué, de Esquerda Republicana ; Xosé Prego, da CNT ; Benxamin Balboa, marxista independente ; o poeta Xoán García ; Ramón Rodríguez Prieto ; Manuel Fernández Pol ; Xosé Moquera ; Martín Iglesias, e o comunista Manuel Domínguez Benavides.

¹⁴ Memorias de Etcheverría, p. 212.

positivistas ; no nos faltaron unos pocos hombres de buena fê. Con esa masa inerte observamos impotentes, que se construía un Partido acanalladamente electorero, con resultados más negativos que afirmativos, más demoleedor que reconstructivo. A esa dirección republicana le faltó siempre un jefe de autoridad recia, una cabeza firme y superior, un predestinado. Por no tenerlo, nos llevaron a la hora amarga en que nos encontramos, ante la muerte y la ruina, ante escombros dejando un saldo de esqueletos de mártires y emigrados hambrientos.¹⁵

Despois de facer exame de conciencia, Salvador Etcheverría referiuse, naquela ocasión, á nova estratexia que debía guiar las actuacións políticas no exilio. Segundo se desprende das súas palabras, o exilio debería ter un efecto catártico, de purificación e superación de prantexamentos equivocados a través da dor que a propia diáspora e o alonxamento da terra supuña:

Pero en nuestro deber está laborar sin descanso, para hallar desde esta trinchera de dolor el hombre que pueda levantar de nuevo la bandera deseada. Tenemos que resolvernos a encontrarlo, con el sacrificio de todos y la abnegación colectiva. Nuestra meta debe estar iluminada por la luz que tenemos de que las patrias como los individuos solo se regeneran sufriendo. No hay virtud sin martirio ; el dolor es fecundo. En una palabra : los desastres, las miserias, los infortunios y las calamidades que hemos sufrido con enerjía y soportado con nobleza, nos darán aliento nuevo, seguros de que pensando en la Patria, con el corazón valeroso, iremos otra vez a la lucha a dar vida al árbol cuyas ramas fulminó un rayo de bestialidad humana, pero cuya raíz quedó incólume, con el convencimiento de que el alma está en esa raíz y ésta no se secó.

Para ello necesitamos la fê ; si ella no nos falta se producirá el milagro y, para iniciar la labor de encontrarla, tenemos que empezar aceptando una terrible conclusión ; el mal más grave, el enemigo más poderoso, lo tenemos dentro de nosotros mismo. Me refiero a la atomización de las fuerzas políticas.

Para dar comienzo a la obra de reconstrucción, que aunque lenta debe marchar sin estorbos, se hace necesario unificar, en el corazón y en el cerebro, a las fuerzas dispersas, que es lo que hoy logramos para nuestra Galicia, y de las que debe salir el hombre justo y enérgico que sea capaz de anular sin pena y sin remordimiento a cuantos viven empachados de vanidad o de egoísmo, arrojándolos sin misericordia al olvido.

Vamos a intentar soldar todos los obreros de la reconstrucción por la base ; esto lo conseguiremos, si logramos el poder de atención en la empresa para la noble causa, y sabemos prescindir de viejas preocupaciones partidistas, afianzando la tarea con lazos del corazón, respetando con sólida palabra de honor los compromisos que contraigamos ahora y no socavando la autoridad necesaria a quien la entreguéis. (...)¹⁶.

Etcheverría insistía, pois, na importancia que revestía o exemplo de unidade que daban os representantes galegos de forzas políticas de moi distintas significación avencellándose á Alianza Nacional Galega, organización pioneira en encarna-lo novo talante que debía inspirar ás actividades emprendidas polos exiliados, se as querían ver concluír con éxito. Este aspecto tamén é suliñado polo comunista Luis Soto que, nas súas memorias, fala da transcendencia desta empresa política nestos termos :

(...) O mais significativo pola súa transcendencia política dos proxectos políticos emprendidos polos exiliados galegos en México foi a construción da "Alianza Nacional Galega", que avencellou tódalas tendencias políticas antifascistas, sin ficar ningún fora desta alianza. Naquel tempo -ano 1941- foi un fito de unidade e de avencellamento de tódalas forzas que querían loitar contra a ditadura e que estaban dependendo o nacionalismo, sobor do cal, filosófica e politicamente, tiñan unha preparación minguada polo menosprecio que o estado centralista tivera sempre cara ás cuestións da diferenciación cultural e económica do noso país.¹⁷

¹⁵ Memorias de Etcheverría, pp. 210-211.

¹⁶ Memorias de Etcheverría, pp. 211-212.

¹⁷ SOTO, Luis, op. cit., p. 150.

A teima por acadar a unidade dos galegos, non só dos radicados en México, senón tamén dos diseminados polo resto do continente americano, fíxo que a Alianza Nazonal Galega distribuíra por distintos países un manifesto baixo o título "Llamada a la unión". A través deste manifesto vólvense a reiterar ideas expostas xa con anterioridade, e incluso reproducense literalmente frases que figuraban noutros documentos da Alianza. Foi o propio Etcheverría quen firmou aquel escrito que, datado o 16 de xaneiro de 1943, é o mellor compendio dos presupostos políticos da Alianza Nazonal Galega

Nace "ALIANZA NAZONAL GALEGA", por la férrea voluntad de unos hombres modestos, pero que laboran con tesón y con firmeza por su tierra, convencidos de que no podemos regatear el máximo esfuerzo cuando están en juego los intereses de la Patria.

Los combatientes gallegos que damos un aldabonazo a la Unión, para seguir la lucha contra el fascismo, vamos, llenos de fe a la empresa, reconociendo de antemano los errores pasados, y sin olvidar las tristezas sufridas, seguros de que en la forja del dolor templamos nuestro amor a Galicia y a España.

Vamos a dar principio a la obra de reconstrucción. Para ello necesitamos impregnarnos de fe ardiente; al comenzar la labor desde el exilio, empezamos confesando una terrible verdad: QUE EL MÁS GRAVE, EL ENEMIGO MÁS PODEROSO SE ENCUENTRA EN LA ATOMIZACIÓN Y FALTA DE COHESIÓN DE LAS FUERZAS POLÍTICAS. Porque lo reconocemos así, ALIANZA NAZONAL GALEGA hace hoy un potente llamado a todos los gallegos del mundo que quieran continuar la lucha contra el nazi-fascismo, para que realicen la unidad, en el corazón y en el cerebro, de todas las fuerzas dispersas, al calor de nuestra organización y de nuestra disciplina, de la que habrá de surgir el organismo, que llevando la verdad en los labios y la Ley en la mano, sea capaz de aniquilar sin pena y sin remordimiento a los que dificulten la obra de salvación de la Patria.

Los que iniciamos el movimiento de UNIDAD GALLEGA, al servicio de España Demócrata, supimos prescindir de las viejas y rancias preocupaciones partidistas, y vamos afianzando la tarea, con respeto absoluto a la palabra de honor empeñada en los compromisos contraídos, para consolidar la autoridad necesaria en quien la merezca, convencidos de que, solamente con disciplina inquebrantable y con unidad indestructible se puede alcanzar la meta deseada.

Entendemos que el hecho desventurado de la pérdida de la guerra civil española, no destruye en modo alguno la posibilidad de capitalizar, mas o menos inmediatamente, aquellas afinidades que estimamos necesarias para la recuperación de nuestra España.

El Manifiesto de ALIANZA NAZONAL GALEGA representa un puntal firme en la unidad de España; las Bases que hicieron posible el pacto, pueden y deben ser aceptadas por el millón de gallegos anti-fascistas que cubren el hospitalario Continente Americano.

ALIANZA NAZONAL GALEGA va unida fraternalmente al movimiento universal que ha de salvar a los pueblos de la tiranía bárbara y grosera de Hitler y sus secuaces. Al tratar de soldar a todos los gallegos del mundo, en la disciplina de la ALIANZA NAZONAL GALEGA nos guía un propósito fundamental: ampliar la unidad de todas las fuerzas anti-nazistas, anti-fascistas y anti-franquistas, para celebrar, con nuestro noble y modesto concurso la Victoria que haga posible la recuperación de las libertades perdidas, de nuestra Patria en primer término, ya que el sacrificio inicial de esta tremenda conflagración lo rendimos los españoles, en la memorable jornada de los años 1936 al 1939.

No pretendemos, por ningún modo, plantear problemas de índole interna en la política de Galicia, ni de España; vamos a la tarea, actuando de un modo absolutamente impersonal, dejando la resolución de gobierno futuro, a la decisión de nuestro pueblo cuando éste se encuentre en condiciones de manifestar libremente su voluntad. Otra posición sería, caer en los vicios y errores pasados que somos los primeros en reconocer y criticar.

Queremos, esto sí, llevar un aliento de esperanza a los oprimidos, que silenciosa y heroicamente viven en el hogar pisoteado, y decirles que nuestro entusiasmo, nuestra fe por librarlos, no decaerá jamás; que el anónimo esfuerzo que ellos realizan en la dramática tarea no nos pasa desapercibido, y que nuestro pensamiento está al lado de sus amarguras, mas intensa por ser calladas; queremos que sepan que toda nuestra capacidad de acción está a ellos dedicada, y que nuestros amores viven en su espíritu entristecido.

Convencidos de que el programa planteado es el único eficaz, recibiremos leal y cariñosamente, a todos los que, conscientes de su responsabilidad, vengan a sumarse al movimiento que salvará a Galicia, a España y al mundo. No admitimos la discusión corrosiva, ni entramos en el campo polémico de los inconformes; tenemos el firme convencimiento, de que el desgaste de energías, cuando la acción está en marcha, no nos sería perdonado nunca.

Aceptamos, solamente, las leales colaboraciones de los decididos combatientes en pro de la Democracia que se crean capaces de rendir el postrer sacrificio, sin otra preocupación que la de forjar la unión para el triunfo.

La importancia de la unidad sagrada de los gallegos no es menester analizarla más, si tenemos en cuenta la meta que pretendemos alcanzar ; por otra parte, a la clara visión política, a la sagacidad y al enorme sentido común de mis paisanos no les hace falta más argumentación.

Nuestro acendrado patriotismo, nuestro eterno espíritu de sacrificio y nuestra legendaria historia liberal, serán la mejor bandera que levantemos hoy, para hacer posible la honorable misión que nos proponemos.

Con el pensamiento fijo en la Patria, yo reclamo de vosotros, hermanos gallegos anti-fascistas, el decidido y generoso concurso para la ALIANZA NAZONAL GALEGA y os invito, a que pongáis en la obra todo el esfuerzo, plenos de la más bella esperanza, con la mirada amorosa en el hogar que nos vio nacer.

!Hermanos! !Venid a demostrar de lo que somos capaces los gallegos!

!Unios fervientemente a la ALIANZA NAZONAL GALEGA para salvar a Galicia, a España y al Mundo!¹⁸

Ó mesmo tempo que a Alianza Nazonal Galega emprendía esta campaña de búsqueda de novas adhesións, iniciou diversas xestións ante organismos internacionais:

Hemos de diríximos -escribiu Etcheverría- frecuentemente a diferentes personalidades, en demanda de clemencia y justicia para muchos compatriotas que sufren persecuciones y quedaron atrapados en los campos de concentración. En estas fechas enviamos comunicaciones a los Presidentes de las Repúblicas Norteamericana y de México, así como a las entidades españolas de auxilio, pidiéndoles que intercedan en favor de los compatriotas Tomás Serante y otros, detenidos en su paso por Norteamérica, embarcándolos en el "Marqués de Comillas" para devolverlos a España, en donde les espera la muerte segura.¹⁹

A INCOMPRESIÓN DAS POTENCIAS DEMOCRÁTICAS

Etcheverría lamentase do escaso entusiasmo con que foi acollida, nos foros internacionais, a solicitude de axuda cursada polos exiliados españois. En realidade, non fai máis que voltar sobre unha idea que xa anota en *Eclipse en España*, onde criticaba os efectos que tivera a política de non intervención para a II República. Naquelas páxinas, reprobaba abertamente a pasividade das potencias democráticas. Esta decisión era especialmente incomprensible cando, segundo argumentaba Etcheverría, España fora "la primera trinchera contra la barbarie nazi"²⁰ e os republicanos, "pioneros incomprensidos" en "rendir en esta hora dramática el heroico sacrificio de su vida en aras de un ideal universal"²¹. Nestes novos apuntes autobiográficos, segue a presenta-los defensores da República española orfos de calquera tipo de apoio internacional:

Desgraciadamente, un mundo insensible a nuestro dolor, no es capaz de reaccionar ante hechos tan monstruosos; algún día habrán de comprender en su propia carne, los que hoy no ven nuestra tragedia, el tremendo dolor de vivir bajo la pesada bota del fascismo. (2)

Los intereses de las Naciones Unidas, comprometidos seriamente por la dureza de la guerra relámpago, obligan a ciertos gobiernos a pactar o transigir con la política de Franco empeorando nuestra trágica situación.²²

¹⁸ Memorias de Etcheverría, pp. 215-217.

¹⁹ Memorias de Etcheverría, p. 218.

²⁰ ETCHEVERRÍA BRAÑAS, Salvador, op. cit., p. 69.

²¹ Ibidem, p. 84.

²² Memorias de Etcheverría, p. 218.

Asimesmo, o político ferrolán fai nota-la indignación con que foi recibido nas filas da Alianza Nazonal Galega un discurso pronunciado ante o Parlamento, en maio de 1944, polo primeiro ministro inglés, Winston Churchill. Naquela intervención púxose de manifesto -en opinión de Etcheverría- que “los viejos ‘tories’ que padecen una miopía política muy hábilmente administrada, arremeten de nuevo contra la República Española, juzgando torpemente que van a seguir siendo el ombligo del mundo”. Ante aquela “impolítica oración” que tiña a intención de “asestar un rudo golpe a la ilusión de la Democracia Española”, a Alianza Nazonal Galega fixo pública unha nota de protesta, que foi redactada polo propio Etcheverría nestos termos:

“ALIANZA NAZONAL GALEGA”, representante de centenares de organizaciones políticas de republicanos gallegos diseminados en este Continente, sale al paso de la nueva conjura internacional que pretende minorizar el heroico sacrificio del pueblo español.

Tenemos que comentar las palabras del Sr. Winston Churchill, pronunciadas en el Parlamento Inglés hace unos días para dejar salvada nuestra responsabilidad histórica, y decir al mundo -una vez más- nuestra verdad, nuestro sentir en nombre de las Democracias de Galicia.

Lo vamos a hacer con la filosofía de los Griegos del Cinosarges.

El discurso parlamentario del Presidente del Consejo de Ministros de la Gran Bretaña, que tanto asombro y dolor causó en la mayoría de los desterrados de nuestra Patria, no fué para nosotros ninguna amarga sorpresa. Oímos la oración del Premier Inglés, con profundo estoicismo y con una sonrisa de vaga ironía.

Nuestro comentario no será el lamento de las plañideras, de las “choraderas”, será el grito feroz de los hombres de la montaña, del mar, de la “costa de la muerte”, que sabemos mirar a la Parca sin que el estremecimiento del terror nuble nuestra mente.

Para nosotros, que conocemos a fondo la política oportunista de los últimos gobernantes de Albión, que seguimos paso a paso la trayectoria de Chamberlain, de Eden, de Churchill; para nosotros, que tuvimos que padecer una guerra salvaje y cruenta por el abandono en que esos mismos políticos dejaron al Derecho de Gentes; para nosotros que conocemos la Historia, esa Historia que ahora acaricia felinamente el jefe de los “tories”, no hubo, ni asombro, ni siquiera la menor inquietud. Nos produjeron sus palabras un profundo desdén, tal vez, un poco de piedad.

Nos damos cuenta exacta, de la posición de un mundo que agoniza en una tragedia de anacronismos, en un siglo de decadencias y de revoluciones. Sabemos que la conducta de las clases moribundas es siempre idéntica, condenadas a desaparecer, luchan de manera desesperada por existir un poco más. El drama social y político que confrontamos, se debe, en parte, a la inmensa estupidez de los gobernantes de hoy, que arrumbaron en el rincón del olvido la potencia infinita de la fuerza moral; el abandono del sentimiento de Justicia, la fascinación y el embrujo de oro, la lucha desesperada por conservar los mercados, el bárbaro materialismo económico, produjeron la atrofia de la ritualidad creadora.

El Sr. Churchill, incapaz de resistir el drama social que vivimos, enfermo moral incurable, agotado físicamente por el esfuerzo de sostener la guerra, acerca a la demencia o a la aguda neurastenia, cuando declara en alta voz al mundo que la guerra va perdiendo su carácter ideológico. (...)

Sr. Churchill (...) no tenía V. necesidad de lastimar lo más hondo de la conciencia republicana española, de cuya lealtad tantas pruebas habéis recibido. Estamos seguros, de que V. no representa la conciencia de la democracia inglesa, cuando de esa manera tan poco gentil se comportó. El Pueblo Inglés, de rancio abolengo liberal, supo apartar un día al equivocado apaciguador que también creía diluir una realidad pavorosa con pompocencias femeniles. Esa misma democracia es la que está preparando febrilmente vuestra sepultura política. (...)²³

Con esta dura linguaxe Salvador Etcheverría arremetía contra Winston Churchill e, en definitiva, contra a política que representaba. Entre 1936 e 1939, o político ferrolán sostivera insistentemente que as potencias democráticas non poderían manterse por moito tempo ó marxe da confrontación bélica que habería de librarse contra o fascismo europeo e da que, a guerra civil española fora o seu primeiro episodio. Etcheverría consideraba que esta idea viña a ser corroborada polo inicio da II Guerra Mundial e, por esa razón, permitese afirmar: “ ¡Se están cumpliendo las profecías !”²⁴.

²³ Memorias de Etcheverría, pp. 251-253.

²⁴ Memorias de Etcheverría, p. 253.

A conclusión que obtén Etcheverría é que non se pode esperar un cambio da política das potencias aliadas con respecto ó problema español e, dado que non prestarán a súa axuda para poñer fin á dictadura do xeneral Franco, son os republicanos os que terán que traballar para regresar a unha España democrática:

(...) Los españoles estamos convencidos de que nuestro dramático problema lo tenemos que resolver nosotros mismos, nunca hemos esperado otra cosa, desde que asistimos al monstruoso fracaso de la Sociedad de Naciones ; vuestro famoso, inolvidable Comité de No Intervención, tan duramente criticado por vos en otra hora, nos dio la norma para operar en el futuro (2). Os decimos, Sr. Churchill, que nuestra fé es inquebrantable, que nuestro afán por reconquistar la libertad perdida no se enfría por vuestras inoportunas e impolíticas palabras ; que estamos dispuestos, como en otrora, a desafiar la encrucijada de las traiciones, para resolver el problema de una colectividad que suspira por una paz justa y perdurable.

Os decimos máis : ni contamos para esa obra con vosotros, ni damos consideración a vuestra valía. Tenemos otras mejores : la conciencia de la auténtica democracia inglesa, que supo demostrar a través de los siglos una limpia ejecutoria, la del resto del mundo, y el heroísmo del pueblo español, a quien sobra arrogancia para no mendigar jamás una limosna.²⁵

COLABORACIÓN COS COMUNISTAS

¿Que estaba a dicir, en realidade, Etcheverría cando afirmaba que o abandono ó que as potencias democráticas occidentais condenaron á II República “nos dio la norma para operar en el futuro” ?

Ante o debate que comezaba a xurdir no seo das forzas democráticas de oposición ó franquismo sobre a pertinencia de contar cos comunistas, Etcheverría -non resulta difícil adivinalo- foi dos que abogou polo entendemento co PCE. O seu convencemento de que os aliados non modificarían, pasara o que pasara, a súa actitude verbo do problema español determinou a postura política que adoptou naqueles intrínsecos. Etcheverría consideraba completamente inútil face-lo xesto simbólico de afastarse dos comunistas, en espera de ser recompensados polos aliados. Para o político ferrolán, equivocávanse os que crían que a alianza dos republicanos cos comunistas non ía contribuir máis que a despertar suspicacias nos gobernos democráticos e a abortar calquera posibilidade de que estes, trala súa victoria na II Guerra Mundial, interviñesen en España para poñer fin á dictadura.

O socialista Indalecio Prieto era un dos máis afevoados detractores da incorporación a alianzas nas que estiveran incluídos representantes do PCE. Esta é a razón que explica que Prieto fora obxecto de duros ataques por parte de Etcheverría, quen escribiu:

Infelizmente tropezamos siempre (...) con la terca e incomprensible oposición del núcleo que cultivó una de las ramas desgajadas del Partido Socialista, acaudillado por Indalecio Prieto. La concepción errónea que mantiene violentamente este líder político, a quien siguen algunos dirigentes de otras fracciones republicanas, tratando de eliminar de la vida pública a sectores de opinión absolutamente respetables, provoca constantemente una situación polémica destructora que imposibilita la deseada acordancia o la unidad de acción de todos los republicanos. (...) Por desgracia, cada día que pasa en este año tenebroso 1943, se ahondan las diferencias entre los grupos exiliados, pese a los titánicos esfuerzos y nuestras insistentes llamadas a la convivencia, al buen sentido y a la transigencia.

(...) La actitud del Gobierno Inglés, manejado por el Partido Conservador, que no prevé la derrota que le espera, hace que los españoles emigrados se doblen en dos bandos irreconciliables. El que con la Junta de Liberación, dirigida por el Sr. Prieto, todo lo espera de los apoyos diplomáticos del mundo exterior, ofreciendo a Inglaterra la eliminación política de los Partidos extremistas de la República, y, el de los que pensamos que nuestro problema interno tenemos que resolverlo nosotros mismos con el esfuerzo y el sacrificio abnegado de todos los republicanos. Aquellos pretenden rehacer la legalidad constitucional, prescindiendo de ciertos núcleos que ayudaron a crearla y olvidando que su contribución en la guerra hizo posible la heroica resistencia.²⁶

²⁵ Memorias de Etcheverría, pp. 253-254.

²⁶ Memorias de Etcheverría, pp. 219-220.

En ningún momento Etcheverría alude ós comunistas. Non ten que sorprender esta elipse, porque o certo é que calquera lector do momento sabía traducir de inmediato ese implícito. E cando Etcheverría segue a ofrecer argumentos en defensa da súa postura, segue a obviar toda referencia aberta ó PCE:

Los que propugnamos una salida legal, por el concierto y la cooperación de todos los que intervinieron durante la guerra en la defensa de las Instituciones, sin exclusión alguna, tal cual se había plasmado en el último Gobierno que manejó la República, defendemos la tesis de que sólo por el asenso sincero y unánime de los Partidos que integraron los ejércitos que se sacrificaron por la salvación de la Patria, se puede arbitrar la solución razonable que permita levantar el crédito en el exterior y llevar la ilusión a los que dentro del territorio nacional pelean sin desmayo por derrotar a los traidores.

Estimamos nosotros, que es difícil arribar a la empresa que nos proponemos, si disgregamos las fuerzas, entendemos que, ninguno de los grupos aislados puede vencer la resistencia enemiga, y comprendemos, asimismo, que no es posible desde el destierro invalidar la opinión nacional que entregó sus poderes al postrer Gobierno de la República con el consentimiento de los Partidos.²⁷

En definitiva, en opinión de Etcheverría, a actitude mantida polas potencias democráticas, tanto no pasado inmediato como no presente, era a que empuxaba a unha política de achegamento ós comunistas. Isto non quere dicir, nin moito menos, que Etcheverría e a Alianza Nazonal Galega perderan calquera oportunidade que se lles presentaba para facer pública a súa adhesión á causa dos aliados e a súa belixerancia contra o fascismo internacional, do que o réxime do xeneral Franco era considerado como un dos seus baluartes. Ámbalas dúas ideas quedan abondo ilustradas en case tódolos textos extractados ata aquí, polo que non resulta necesario volver sobre este asunto.

En calquera caso, si cómpre recordar de novo que a participación de Etcheverría na Alianza Nazonal Galega constituíu a plasmación, na práctica, da estratexia de unidade pola que abogaba e que procuraba abranguer a tódalas formacións políticas, incluídos os comunistas. A idénticos propósitos respondeu a creación, tamén en México, da "Comisión Coordinadora de Entidades Republicanas Españolas", presidida por quen fora decano da Facultade de Medicina de Madrid, Manuel Márquez.

Salvador Etcheverría definiu este organismo, na segunda parte das súas memorias, como a "síntesis de la verdadera unidad de pensamiento demócrata del pueblo español"²⁸ e, engadía que nel estaban presentes "la mayoría de los grupos políticos, sindicales y culturales antifranquistas que vivimos en el exilio" nun "ejemplo admirable de buen sentido político y de magnífica generosidad"²⁹. Con estas fórmulas tan xenéricas, o político ferrolán suliñaba que aquel proxecto nacera baixo as mesmas arelas de unidade que inspirara a Alianza Nazonal Galega, co mesmo ánimo de non excluír a ningunha forza política, tampouco ós comunistas, pero coa particularidade de tentar rebasa-los límites rexionais e aglutinar non só ós galegos. Da similitude dos obxectivos, resulta ben sintomático o feito de que algúns dos membros da Alianza Nazonal Galega incorporáranse tamén á "Comisión Coordinadora de Entidades Republicanas Españolas". Por exemplo, o comunista Luis Soto foi o vocal da súa comisión permanente, mentras que o propio Etcheverría asumiu a vicepresidencia.

Os apuntes que Etcheverría redactou para a segunda parte das súas memorias só recollen breves alusións a esta nova plataforma dos exiliados republicanos españois, aínda que o noso home tivo unha alta responsabilidade no seu seo. Etcheverría limitábase a reproducir-lo texto íntegro dalgúns dos extensos discursos que pronunciou en nome daquel organismo. Nese escrito insiste "con frecuencia rayana en la machaconería"³⁰, como el mesmo recoñece- nos mesmos principios políticos que se teñen resumido xa nestas páxinas. Polo tanto, teñen un relativo interese e non se vai abondar neles aquí.

²⁷ Memorias de Etcheverría, p. 220.

²⁸ Memorias de Etcheverría, p. 255.

²⁹ Memorias de Etcheverría, p. 218.

³⁰ Memorias de Etcheverría, p. 237.

A “JUNTA SUPREMA DE UNIÓN NACIONAL” E UNHA POLÉMICA ENTRE ETCHEVERRÍA E GORDÓN ORDÁS

As relacións de Salvador Etcheverría cos comunistas non se reduciron únicamente ás que mantivo no marco de organizacións de ampla base política como a Alianza Nazonal Galega ou a “Comisión Coordinadora de Entidades Republicanas Gallegas”, nas que, como queda dito, os membros do PCE convivían con outros exiliados de moi distinta significación política. Tamén prestou o seu apoio á “Junta Suprema de Unión Nacional” (JUN), esta si, de clara filiación comunista.³¹

Pouco despois da creación da JUN, en xaneiro de 1944 e dende as páxinas de *Galicia*, órgano da Alianza Nazonal Galega, Etcheverría non dubida en louva-lo traballo que tiña desenvolvido en España esta organización na procura de articula-lo movemento guerrileiro:

La llamada JUNTA SUPREMA DE UNIÓN NACIONAL pudo coordinar el movimiento de rebeldía contra Falange, y emplazar sus baterías para derrocar al régimen de tiranía, gracias a la capacidad de transigencia -la cualidad más difícil de hallar en la Historia- de todos los que la componen. Es decir, que supieron dejar a un lado todas las preocupaciones partidistas y unificar los criterios más dispares, ante el suceso colosal del rescate de la República. Y, con esa magnífica capacidad de transigir, no solamente agruparon en torno a los combatientes republicanos de todos los matices, sino que llaman a la conciencia liberal del pueblo español, para que se sumen y vengan a engrosar la gran columna que habrá de forjar la victoria que nos devolverá las libertades perdidas. (...)

La brillante actuación de esos combatientes, que no retroceden ante el sombrío panorama de una lucha en la que saben que no habrá tregua, merece la profunda meditación de los que vivimos en el destierro, y nuestra cálida y ferviente adhesión. Los que en otra hora lucharon en los frentes, los que padecemos el tormento de las prisiones de Falange, los que allá continúan atenazados por el infortunio pasando hambre, miseria y vejaciones, los que continúan en los inhóspitos y tristes campos de concentración, los centenares de miles de encarcelados, tenemos el sagrado deber de ofrecerles nuestro concurso, tenemos la obligación de decirles, que nuestra ayuda es incondicional, que anhelamos la oportunidad de ponernos a su lado para ser dignos del triunfo.³²

Esta chamada a colaborar coa “Junta de Unión Nacional” non foi esquecida e, dende logo, non era retórica baleira. En abril do mesmo ano, creábase o comité de axuda á JUN, ó que se adheriu a Alianza Nazonal Galega. “Nosotros -escribiu naquela ocasión Etcheverría- que dimos el primer paso de UNIDAD en el exilio, forjando nuestra ALIANZA NACIONAL GALLEGA, avanzamos también hoy los primeros, para formalizar el primer Comité de Ayuda a la Junta Suprema de Unión Nacional”³³. No seo daquel comité naceu, en maio, unha comisión galega que fixo público o seguinte manifesto:

³¹ Sobre a “Junta de Unión Nacional”, Xavier Tusell ten escrito: “Por la misma fecha que se constituyó la JEL (o algo después) el Partido Comunista a su vez creó la Junta de Unión Nacional de la que se afirmó que residía en el interior de España. En un manifiesto de enero de 1944 la Junta de Unión Nacional se dirigió a ‘todos, al ejército, a los católicos, a los monárquicos de las dos ramas’. Es absolutamente improbable que lograra adhesiones en alguno de los sectores mencionados porque la vinculación de esta segunda Junta con el PCE era absoluta y radical, aunque hubiera personalidades de muy segunda fila en el bando republicano que la apoyaran”. (TUSELL, Xavier, *La oposición democrática al franquismo*, Planeta, Barcelona, 1977, p. 68).

³² Memorias de Etcheverría, pp. 239-240. Esta cita pertence a un artigo que Etcheverría publicou nas páxinas de *Galicia*. O certo é que, nesta segunda parte das súas memorias, ofrece moi poucos datos sobre esta publicación, limitándose a constatar que a saída do primeiro número foi en outubro de 1943. Máis adiante, sinala que “nuestro órgano de publicidad, ‘Galicia’, está resultando un buen vehículo de expansión de la tesis que patrocinamos: regularmente, y a pesar de las tremendas dificultades económicas lo hacemos circular por todo el Continente Americano y nuestro archivo van engrosando a medida que los envíos se regularizan”. (Memorias de Etcheverría, pp. 232 e 272). Se Etcheverría non proporciona máis información sobre esta publicación, polo menos si reproduce o texto de moitos dos artigos que firmou nas súas páxinas. A dificultade de localizar nas hemerotecas a colección completa de *Galicia* fai destes escritos un material de grande interese para coñecer-la postura sostida polo ferrolán e pola Alianza Nazonal Galega nestos anos.

³³ Memorias de Etcheverría, p. 259.

Conscientes de las responsabilidades históricas a que la inactividad podría conducirnos, hemos mantenido en todo momento vivo y activo el espíritu de acometividad contra el fascismo en sus diversas modalidades. El deseo vehementemente sentido de que se reorganizara la lucha sobre el terreno patrio, ha culminado en feliz realidad con la formación de la Junta Suprema de Unión Nacional. Vino este organismo a cumplir una imperiosa necesidad, pues nunca hemos aceptado la posibilidad de que la libertad de España pudiera ser una graciosa concesión otorgada por aquellas Cancillerías, en parte responsables de la situación trágica que atraviesa nuestro país. Hemos fundado nuestras crecientes esperanzas en las virtudes de indómita rebeldía que caracterizan a nuestro pueblo, y su decisión firme e inquebrantable hará fracasar los designios inconfesables de nuestros enemigos.

El espíritu de sacrificio de los millares de seres anónimos, que en todo el territorio de nuestra Patria luchan en difícilísima situación, bien merece, que sin hacer dejación de nuestros particulares puntos de vista políticos o sociales, los pospongamos circunstancialmente, en aras de la eficacia, para esta batalla previa de derrotar a Franco y a su Falange. La magnitud de la lucha exige la cooperación de todos los que unidos por ese común denominador estén dispuestos a combatir por este fundamental objetivo.

Tiempo tendremos, una vez restablecidas las libertades hoy conculcadas, de que Partidos, grupos e individualidades, inicien la lucha por la propagación de sus particulares concepciones y el pueblo, en uso libérrimo de sus facultades, acepte o rechace las que estime pertinentes.

Por estas razones un grupo de Gallegos exiliados se han reunido y han acordado constituir en México, la Comisión Gallega de Ayuda a la Junta Suprema de Unión Nacional, que se dirige a todos los Gallegos patriotas para que se adhieran a la misma y subordinen sus diferencias políticas formando un bloque que en la unión y en la acción colabore con ella.

!Por la Libertad, por Galicia, por España!³⁴

Nas notas autobiográfica de Etxeberria, atópanse referencias ó apoio popular que recibiu a iniciativa e tamén ás críticas que mereceu por parte dalgúns sectores políticos, ós que, como case sempre, segue evitando chamalos polo seu nome :

Mucho hemos luchado para destruir la estéril y corrosiva polémica a que otros grupos de orientación diferente nos intentó llevar, con grave riesgo de la unidad de acción. La terquedad irreductible de los disconformes, que pretendieron siempre excluir a sectores de opinión muy respetables, nos está llevando en esta hora crítica al descrédito ante la comunidad internacional, que observa meticulosamente los movimientos de la emigración republicana.

Pese a la inconcebible oposición que confrontamos, aquel núcleo que forjamos una docena de "lunáticos" (asi nos llamaban), en poco tiempo metimos en nuestros archivos más de dos mil hombres, que comprendieron como nosotros la necesidad imperiosa de crear un órgano combativo, para llevar aliento y ayuda a los guerrilleros que defendían en las montañas la independencia de la Patria, al mismo tiempo que se favorecía el restablecimiento de la legalidad republicana.³⁵

De seguida, o político ferrolán resumía o dobre obxectivo da comisión galega integrada na JUN:

Estimaba nuestro grupo que la acción más eficaz podía consistir en incrementar la conspiración dentro de España y presentar ante el mundo exterior un bloque compacto que ceñido a la legalidad, obtuviese las ayudas de los Gobiernos amigos que reiteradamente nos aconsejaban el entendimiento político para lograr la unidad de acción.³⁶

³⁴ Memorias de Etxeberria, pp. 264-265.

Nas súas memorias, Luis Soto tamén se refire a este episodio e di : "Os galegos no exilio xunguían de contado tódalas actividades antifeixistas co problema nacional . Deste xeito inauguran a Comisión Galega de axuda "a Xunta, que demostrou que os fitos de unidade eran conqueridos naquel tempo mais completos e mais políticos cando se plantexaban con claridade as cuestións da Nación e da súa indispensable autodeterminación.. (2) Inmediatamente, a maioría dos galegos exiliados, e mesmo unha parte de antigos residentes, personáronse nos locais da Comisión pra manifestar o seu apoio incondicional ás tarefas que se estaban realizando pola liberación de Galicia e a destrucción do feixismo no Estado español". (SOTO, Luis, op. cit., pp. 190-191).

³⁵ Memorias de Etxeberria, p. 263.

³⁶ Ibidem.

Salvador Etxequerria adica a parte final dos apuntes que escribiu para a continuación das súas memorias a detalla-las actividades propagandísticas que levou a cabo para espalla-la estratexia da "Junta de Unión Nacional". Así, reproduce o texto de varios artigos publicados na prensa e discursos nos que apela, sen grandes novidades na súa argumentación, ós exiliados para que xunten as súas forzas nun fronte común. Para Etxequerria, acadada-la "reconquista de España" era un labor que incumbía a "todos sin distinción de partidos, organizacións sindicais, creencias o personalidades aisladas. (...) Y no se podía olvidar a nadie que sintiese el ansia de la verdadera democracia o que fuese enemigo de la Falange. Todos los combatientes que van a cooperar y trabajar en la insurrección nacional son admitidos, porque por encima de los programas de partidos, por encima de las potentes organizacións obreras, por mucho que cuenten los valiosos núcleos intelectuales está el pueblo español, que aspira con todo derecho a encontrar el equilibrio que circunstancialmente perdió por la salvaje acometida de Falange al servicio de la reacción internacional"³⁷.

Mentras que nesos escritos feitos públicos seguía a manifesta-la súa fe nunha estratexia de unidade, nas apostilas que incorpora ás súas memorias percíbense uns primeiros indicios de desengano e desilusión :

Desgraciadamente, estoy convencido de que la buena acordancia no será posible jamás, son tan profundas las diferencias, tan apasionadas las discusiones, tan frecuente la disputa, que muchos hombres magníficos, por su cultura, por su moral, o por su experiencia, caen vertiginosamente en el abismo sin fondo de la intransigencia, olvidando que esas discusiones de la familia republicana están favoreciendo al enemigo.

Los que todavía se aferran a la menguada dirección de los Partidos, casi siempre causantes de la catástrofe que vivimos, nada hacen por evitar que el mal se alivie. Muy al contrario : sordamente, detrás de las cortinas, mueven sus muñecos con hilos que manejan entre bastidores, provocando un clima de pasión política del que son auténticos y únicos responsables. Y, como es lógico, esta desventurada situación la aprovechan los enemigos de la causa republicana, para extender por el mundo la noticia de que somos incapaces de construir una Democracia.³⁸

O tono desencantado destas liñas parecen se-lo inicio dunha viraxe nos seus prantexamentos políticos. Sen embargo, os apuntes redactados por Salvador Etxequerria e que foron glosados aquí rematan abruptamente. A ausencia dun epílogo ou dunhas notas finais que, a modo de conclusión, recapitulasen a súa traxectoria política nesos anos podería deberse a que o ferrolán tiña previsto continuar traballando nas súas memorias. Se efectivamente o fixo así, aínda está pendiente de localización unha nova entrega do escrito no que relata as súas lembranzas políticas. Este documento podería despexar moitas interrogantes sobre a evolución ideolóxica do noso personaxe a partir de 1944.

En efecto, resulta sorprendente que obvie calquera referencia ós motivos que o empuxaron a rompela disciplina dictada polo partido no que militaba, Unión Republicana, e a abogar polo entendemento cos comunistas na loita contra o franquismo, cando é ese o tema recorrente dos máis de setenta folios que compoñen o escrito orixinal. Máis estrano resulta aínda que non aluda, en ningún momento, á correspondencia cruzada co seu amigo Félix Gordón Ordás, na que ámbolos dous políticos discutían, precisamente, sobre a conveniencia de manter alianzas co PCE. Polo tanto, para coñecer-los detalles dese enfrentamento hai que recurrir ás memorias de Gordón Ordás, quen comeza recordando a indiferencia con que Etxequerria acolleu a nova da reorganización no exilio de Unión Republicana:

Con gran sorpresa de mi parte, se negó a firmar la ficha de afiliación en el partido uno de los más constantes y leales amigos políticos míos, don Salvador Etxequerria Brañas, quien alegó como fundamento para su actitud el hecho de que ya la había suscrito en España y nunca se dio de baja posteriormente. (...) Al mismo tiempo que este evidente enfriamiento de sus relaciones personales y políticas conmigo, pude

³⁷ Memorias de Etxequerria, p. 279.

³⁸ Memorias de Etxequerria, pp. 263-264.

observar que andaba muy metido en los trabajos del llamado movimiento nacionalista gallego y que tenía a menudo contactos con dirigentes muy significados del Partido Comunista Español. Aunque todo aquello me entristeció mucho, porque siempre tuve a este gran amigo en la más alta estimación, nada le dije sobre los cambios que en él venía observando en ninguna de las escasas veces que por aquella época nos encontramos. Pocos años después de su negativa a firmar la ficha lei en *España Popular* que el señor Etcheverría había tomado parte, como miembro de Unión Republicana, en un acto conmemorativo de la República organizado por el antedicho Partido Comunista y entonces le dirigí una breve carta recordándole que él no había ingresado en nuestro partido y añadiendo que, aun en el supuesto de que él lo hubiera hecho, no habría podido actuar en aquel mitin en contra de lo que era nuestra bien definida política en materia de alianzas. Ello dió motivo a un cambio de cartas entre nosotros (...) ³⁹.

A continuación, Gordón Ordás presenta algúns fragmentos da correspondencia mantida, en 1944, con Etcheverría e que chega a alcanzar un tono extremadamente duro e impopular de dous amigos, pero que resulta moi significativo da radical oposición das liñas de actuación propostas por cada un deles. Así, Gordón Ordás critica con dureza a adscripción do ferrolán á Alianza Nacional Galega, a orientación da publicación *Galicia e*, sobre todo, a política de entendemento cos comunistas, para concluí-la discusión con estas palabras que remesou a Etcheverría:

Ninguna pesadilla me atormenta ; está usted totalmente equivocado. He elegido libremente mi camino como usted ha elegido el suyo. Salí derrotado de una República liberal y democrática y me gustaría entrar triunfante en otra República democrática y liberal. A este tipo de República, que es la única que contará con mi colaboración política, no se va en compañía de comunistas. Tal es mi honda y firmísima convicción. Usted es de los republicanos obcecados por la convicción contraria. De ahí que no podamos entendernos y todo lo que hablemos sobre el tema será dar vueltas de noria con los canchilones vacíos. ⁴⁰

Gordón Ordás non conta nas súas memorias como se resolve este aberto enfrentamento. En calquera caso, cabe supoñer que Etcheverría termina por rectifica-la súa postura para comungar cos prantexamentos do seu amigo e, finalmente, as súas diferencias políticas quedarían resoltas e a amizade volvería a se-la de tempos atrás. Así o probaría o feito de que o ferrolán fora reclamado, a finais de 1955, para ocupa-lo Ministerio de Información, Propaganda e Arquivos no goberno republicano no exilio presidido por Gordón Ordás. Aínda coñecendo o remate deste episodio, resultaría de grande interese saber que fixo cambiar de opinión a Etcheverría e como xustificou aquela viraxe.

Sen ánimo de pechar estas páxinas cunha interrogante, non se pode deixar de constatar que tanto a polémica mantida con Gordón Ordás, como tantas outras cuestións simplemente anotadas aquí, merecerían sen dúbida unha detida análise. Non obstante, o único propósito deste traballo era presentalos apuntes redactados por Salvador Etcheverría Brañas para a continuación das súas memorias e que permanecían inéditos. Por esta razón, deuse o maior protagonismo posible á voz do político ferrolán e intentouse reducir ó mínimo calquera outro tipo de acotacións ou precisións que contextualizaran o escrito. Coa adopción deste criterio percurábase que, a pesar de presentar extractadas as notas autobiográficas de Etcheverría, o conxunto final fora o máis fiel posible ó orixinal. Esperamos telo conseguido, pero salvando con éxito, ó mesmo tempo, o perigo de caer na reiteración pesada e ociosa de argumentos e ideas, abuso no que incurre Etcheverría no seu escrito.


En definitiva, tratábase de presentar unha nova fonte que haberá de ser empregada para reconstruí-la historia do exilio galego en México na década dos corenta. Un dos valores fundamentais das memorias recuperadas aquí por primeira vez, depois de máis de cincuenta anos dende a súa redacción, é que recopilan un conxunto de manifestos e discursos políticos dos que, doutro xeito, non se tería noticia. Incluso no caso dos textos publicados na prensa da época e que Etcheverría reproduce, non todos eran de fácil consulta, pois, como se deixou dito nestas páxinas, as coleccións de publicacións da época do exilio que se gardan nas hemerotecas adoitan estar incompletas.

³⁹ GORDÓN ORDÁS, Félix, *Mi política fuera de España*, Talleres Gráficos Victoria, México, 1967, vol. II, p. 541.

⁴⁰ *Ibidem*, p. 548.

Por último, cabe engadir que con este traballo pretendíase da-lo primeiro paso para a recuperación dunha figura esquivada do republicanismo, o ferrolán Salvador Etxequerria Brañas. No Fondo París do Arquivo da República Española no Exilio, atópase documentación relacionada coas actividades diplomáticas que levou a cabo nese intre. Á vista desas carpetas e dalgúns comentarios que inclúe en *Eclipse en España*, parece ser que Etxequerria era moi metódico no seu traballo e case podería dicirse que obsesionado por archivar-las notas de calquera xestión que fixera, por insignificante que esta fora. Esta circunstancia facilitará, sen dúbida, o labor de quen acometa a tarefa de face-la súa biografía, que será tanto coma librar á súa figura do esquecemento e do anonimato ó que el mesmo cría que estaban condenados os homes adicados á diplomacia:

En diplomacia -escribiu Etxequerria lamentando a inxustiza- el interés de la Nación debe estar condensado en utilizar los esfuerzos de todos los que integran el servicio, sujetos al programa de acción preconcebido, sin tener en cuenta el ejecutor de que su trabajo va a quedar -en la mayoría de las veces- enterrado en el polvo de los archivos del Ministerio, que vale como dejar su gloria en el anónimo.⁴¹



Carta de Etxequerria... Arquivo da República Española no Exilio, fondo Paris, depositado na Fundación Universitaria Española

⁴¹ ETCHEVERRÍA BRAÑAS, Salvador, op. cit., p. 122.



Embajada de España
MEXICO

México, D. F., 31 de Octubre de 1955

Excelentísimo Señor Presidente:

Tengo la honra de acusar recibo a V.E. de su Despacho del 10 del mes en curso, que me transcribe el texto del Decreto de esa misma fecha, dictado por Su Excelencia el Señor -- Presidente de la República, por el que, a propuesta del Excelentísimo Señor Presidente del Consejo de Ministros, se me confiere el nombramiento de Ministro de Información, Propaganda y Archivos y Secretario del Consejo de Ministros, del Gobierno de la República, Decreto que fué dado en la residencia provisional del Presidente de la República, en París, el día mencionado.


Deseo testimoniar a V.E. la formal confirmación para aceptar la grave responsabilidad con que inmerecidamente se me honra y expresar, una vez más, con mi profundo agradecimiento, mi lealtad y subordinación a las Instituciones Republicanas.


Salvador Etxequerria

Excmo. Sr. Dn. Félix Gordón Ordás,
Presidente del Consejo de Ministros del
Gobierno de la República Española,
P a r í s .-



Carta de Etxequerria aceptando o cargo de Ministro de Información, Propaganda e Arquivos do Governo da República no Exilio. Arquivo da República Española no Exilio, fondo Paris, depositado na Fundação Universitaria Española (FUE).



*ARTE, LITERATURA,
ANTROPOLOGÍA...*

